

Ferramentas-Galiza

Brigadas Ferrolgrado

Xullo 2005

SUSO VAMONDE



*Cando me falan
de España..."*

Hai uns anos, nunha mesa redonda ao redor da música galega, comentaba o Mini, do grupo A Quenlla, que na Galiza había grupos de abondo que facían boa música, mais que eran minoría os que puñan letras aos seus temas. Certo. Se lle engadimos letras comprometidas co seu tempo e a súa terra... aviados imos.

Xa que hai moreas de excelentes músicos, el por que a meirande parte deles pechan as verbas nunha gaiola? Seica non hai nada que dicir? Afortunadamente algúns entenden a música como algo alén do simples purismo musical, teñen na música unha ferramenta de luita. Luita por este País, luita Internacionalista, luita polas clases traballadoras...

O Suso era un destes. Abofé que o era. Dicia-o el, cantaba-o, tomando emprestado un poema de Manuel Rodríguez López:

**¿Pra que vou a cantar do burgués
larpeiradas, enchentas e frores?**

**¿Cómo pode empolar o meu peito
unha cántiga ollando mil dores?**

Mariñeiros que engulen os mares
silicosos mariñeiros que morren
picariños que están sin escola
sen futuro, sen xeito e sin norte.

**¿Con que liras pregades que eu cante
cando todos están desacordes?**

Ergo os ollos o vexo manobras
a xantar, sen compango e sen postres
enzoufados no chan, pra seguir
traballando sen folgo hastra a noite.

Nas mañás o arrabal formigüea
entramentras o rico aínda dorme
no taller un cronómetro fai
asañoso teimudos controles.

Cal becerros na feira do quince
en camiós i autobuses os homes
saen das fábricas, mentralos xefes
ruben fonchos nos rápidos coches.

Hai escravos que sirven ós ricos
dende a ialba fozando hastra a noite.

**¿Como poide empolar o meu peito
unha cántiga ollando mil dores?**

Que tristura o vivir dos obreiros
Que de aldraxes esmagan ós probes.

**Negareime a cantar e rezar
mentras haxa quen xure o quen chore.ⁱ**



Xa que logo, temos a un músico que se define, que dá un paso adiante e toma partido. Todo un exemplo nestes tempos onde, xa non só os poderosos, senón os revisionistas de calquer pelexo (ou non son os mesmos?) contan-nos que a historia xa finou, que non é tempo de luta, que xa non hai clases, que quedemos quedos mentres eles miran polo noso ben mentres comparten moqueta cos que nos explotan. Tempos onde o individualismo, o liberalismo, acadan cumes nunca vistos. Bos tempos para a lírica valeira de contido. Mais sigamos co Suso.



A finais do ano 1950, na aldea de Regodobargo (Pontecaldelas), nace Suso Vaamonde, o *fillo da mestra*, como o coñecían os seus veciños. Desde ben cedo comeza a súa relación coa música. Aínda rapaz xa compón e vai a aulas de música en Vigo. A súa vida estivo ligada á música, desde os seus comezos na cena roqueira viguesa, formando parte dos grupos *Os Copens* e *Marco Balorento*, até os moitos anos de carreira solitaria, pasando polo movemento musical *Voces Ceibes*.

Alí onde houber unha luta por unha xusta causa podías atopar a Suso. Cunha guitarra, coa súa voz grave e cos versos máis comprometidos dos poetas galegos. Foi Suso un dos máximos propagadores da poesía galega entre a xente, popularizando poemas que hoxe xa son hinos dunha boa parte da poboación galega. A lista é longa: Castelao, Rosalia, Curros, Brañas, Celso Emilio Ferreiro, Méndez Ferrín, Uxío Novoneyra, Bernardino Graña, Neira Vilas, Manuel Maria, Ramón Cabanillas, Bouza Brey, Blanco Torres, Avelino Abuín de Tembra, Iglesia Alvarino, Eusebio Lorenzo, Miguel Blanco, Añón Paz, Manuel de Dios, Lamas Carvajal ... Poemas que non só percorreron os escenarios da Galiza, senón que tamén tiveron público en Portugal, Franza, Suíza, Alemaña, Inglaterra, Argentina, Venezuela...

Cantou aos emigrantes:

Sol que alumea as treboas
dos fondos sofrimentos
voz que doutros espacios
nos ven eiquí a falar.
Na múseca dos souts
no sospirar dos ventos
no marmurar dos ríos
e no muxir do mar.
Por eso en longas terras
de coitas e de dores
os fillos de Galicia
morrendo tristes van.
Tomade acó emigrantes
voltade a vosa terra
que a nosa Patria berra
hai tanto que arranxar.
Facer ao escravo libre
votar da casa a fame
que o que traballa gane
que todos teñan pan.
Que o trigo encha as artesas
que fuxan os doores
que non haxa señores
que veña a libertá.
Quen dixo que era probe
a rica Terra nosa
quen dixo que saudosa
quen tanta crueldá.
A nosa Terra é nosa
a nosa esperanza é nosa
compre facer xusticia
xa é hora de falar.
Galicia nome santo
que dixeran con ledicia
de neno e que hoxe lembro
co lume da pasión.
Cando morrer eu vaia
o nome de Galicia
direino misturado
co nome do meu Dios.ⁱⁱ

Cantou a luitadores como o Che:

O bravo cóndor andino
pregunta por seu irmán.
Triste yanqui zugapovos,
lurpio, voraz Tio Sam,
dime que foi, que fixeche
do arriscado capitán.
Torvo xeneral Barrientos,
fociño de lubicán,
dime que foi, que fixeche
do arriscado capitán.
Duro soldado sumido
nunha noite de alquitrán,
dime que foi, que fixeche
do arriscado capitán.
Manso aborixen que morres
sin defender o teu pan,
dime que foi, que fixeche
do arriscado capitán.
Sementárono no vento
cunha chaga en cada man,
mais as mapoulas do abrente
axiña frolecerán.ⁱⁱⁱ




Cantou a Castelao:

Compañeiro Daniel de vida innumerable
como os astros do ceo i os camiños do mar
na tenebrosa noite da patria inhabitable
témoste no recordo con mao á luz alba.
A ti falo Daniel morto lonxe da terra
es noso i a túa luz alumea a escuridá
que nos deixou a historia de tres anos de guerra
en que os lobos mataron a luz e libertá.
Compañeiro Daniel, as pistolas sonaban
i enloitaron cunetas con sangue loitador
as pistolas sonaban i os banbidos berraban
a terrible victoria do odio e do terror.
E ti fúcheste lonxe predicar no deserto
pra erguerdes un exército que endexamais loitou
e morriches un día sin veres entreaberto
o camiño da volta que a túa alma soñou.
Pro na Patria abatida e do pobo explotado
nacimos nós os fillos da morte e do tristén
percurando furiosos vinganza e novo Estado
i unha roxa alborada sin cabo nin comén.
I a ti bo compañeiro que o furacán aleibe
matou desesperado na outra banda do mar

prometémosche a terra dunha Galicia ceibe
pra enterra- los teus ósos onde teñen que estar.^{iv}

Cantou aos represaliados:

Eu conocín o crime unha mañán
Cor ten a miña magoa de sangue humán
Soio nubes e combo o presenciaron
Xiau Grimau irmán che asesinaron.
Xa non nasce na terra
Ni un pensamento
Que non leve o teu nome
Do corpo dentro,
Da dor da miña terra nasce o meu canto
Cordas da miña guitarra
Sodes compañeiras do noso pranto.
Nacerá millo novo antre besana
A razón foi de novo pisoteada
Mais a pesar de todo sei que un día
Estarás entre nós como querías.
Eu conocín o crime unha mañán
Cor ten a miña magoa de sangue humán
Soio nubes e combo o presenciaron
Xiau Grimau irmá che asesinaron.
Moncho Reboiras, irmán che asesinaron.
Xosé Baena, irmán che asesinaron
Salvador Puch, irmán che asesinaron
Garmendia, meu irmán che asesinaron
Otegui, meu irmán, che asesinaron
Raimundo patiño, irmán che asesinaron.^v



E, mádia leva!, cantou-lle a Galiza:

Detrás de cada home
está oubeando un lobo.
Un lobo que te come
e ten comesto ó pobo.
Canto pode sufrirse
telo xa ben sofrido
pro non hai que abatirse
nin darse por vencido.
Canto pode chorarse,
telo xa ben chorado
pro non hai que calarse,
nin sentirse abafado.
Canto pode perderse,
telo xa ben perdido.
Pro non hai que doerse
nin rosmar un láido.
Podes todo ganalo
si despertas e loitas.
Co corazón che falo
galego que me escoitas.
A túa hora é esta:
colle a fouce, meu pobo
ergue a testa, protesta,
e dempóis mata o lobo^{vi}



O seu forte compromiso levou-no primeiro ao exilio e despois ao cárcere. En 1980 foi condenado por “inxurias á Pátria con publicidade” a seis anos e un día de prisión. Os feitos sucederon un ano antes, nun recital antinuclear na pontevedresa Praza da Ferrería. Mentres cantaba o seu coñecido tema “Uah!” engade unha estrofa máis:

*Cando me falan de España
sempre teño unha disputa
que se España é miña nai
eu son un fillo de puta.*

Diante desta condena, prefire o camiño do exilio, que o leva por Portugal, Inglaterra, Alemaña para, finalmente, afincar-se en Venezuela. Foron muitos os artistas que lle brindaron o seu apoio e solidariedade, especialmente desde Portugal: Zeca Afonso, José Mário Branco, Fausto, Adriano Correia de Oliveira,... Após catro anos, decide entregar-se, e pasa 46 días no cárcere de Ourense, até que chega o seu indulto. Como mostra do seu carácter, unha vez libre, volta ao cárcere para ofrecer un concerto aos seus antigos compañeiros.

Tan só dous meses antes da súa morte, recibe unha grande manifestazón de recoñecimento e cariño por parte de máis de 3000 persoas que inzan o pavillón de Salvaterra do Miño, nun acto organizado pola Sociedade Cultural e Recreativa do Condado e que contou coa participazón de artistas como Uxía Senlle, Emílio Cao, Maria Manuela, A Quenlla, Saraibas, ...

Co canto do Hino Nacional, guindaron as suas cinsas ás augas do río Oitavén. Nese lugar pode-se ver unha placa comemorativa, na que destaca a nosa bandeira gravada.

FALA SUSO VAAMONDE

Recollemos unha entrevista con Suso feita por Arantxa Estévez e publicada por *Cadernos A Nosa Terra*^{vii}

Vostede entra na música de forma individual?

Empecei na música como todos os rapaces da miña xeración, tocando á guitarra con doce ou trece anos por culpa dos *Beatles*. O éxito de temas como *She loves you* estivo moi relacionado con que os mozos collesen as guitarras e se xuntasen con catro amigos a tocar. Nos anos 60, nunha cidade como Vigo había unha morea de grupos: *Os Cirios*, *Os Santos*, *Os SM*, *Os Temples*, *Os Dedo*, etc. Con outros rapaces, fixen un grupo chamado *Os Copens*, palabra sacada dos nosos nomes. tocamos en catro finais dos 60 coñecín a un mozo, Xan argallar un grupo galego porque eu xa algunha canción. Daí nasceu *Marco Dia das Letras Galegas* de 1967 unha actuación de *Voces Ceibes* no Barbón que, despois, suspendeuse por governativa. Ao tempo, o meu grupo desfacéndose: un dos membros Madrid e a outro entroulle medo. deter a Benedito e tiña medo da xa tiña feito actuacións con Moscoso, colóquilo peruntáronlle quen eran el incluíume na lista.



das iniciais guateques. A Bouzada, para tiña composta *Balorento*. No estaba prevista Teatro Garcia orde ia marchara para Acababan de policia. Como un dia nun *Voces Ceibes* e

Cal era o panorama da música popular naquel momento?

A canción de autor estaba en todas partes: nos Estados Unidos estaba Bob Dylan ou Joan Baez; en Castela, Julia León; en Catalunya, Joan Manuel Serrat ou Guillermina Motta; Menese no flamenco. Quero dicir que era un fenómeno xeral. Na Galiza, estaban Xavier e Benedito, que coñeceron a Moscoso e a Guillermo. Daquela Miro andaba por Barcelona cantando en galego. En Ferrol, estaba un rapaz chamado Tino e por Vigo andaba eu. Ademais, estaban xermolando grupos que querían facer canción en galego. Empezando os 70, xurdiron *Fuxan os Ventos*, cuxo primeiro nome foi *Fol 72*, polo ano do nacemento. Cando gañaron o premio do Festival de San Lucas de Mondoñedo coa canción *Fuxan os Ventos*, foi cando cambiaron o nome. *Milladoiro* chamábanse *Roi Xordo* e acompañaban a Pilocha. Antón Seoane, un dos seus membros, era cantautor como Rodrigo Romani. Ambos, que tiñan a teima da música instrumental, foron os responsábeis do disco que se chamou *Milladoiro*, no que colaborou Pepe Ferreiros, que estaba nun grupo de gaitas. O grande éxito que tiveron levounos a cambiar o nome. Estabamos na metade dos anos stenta e xa había unha morea de grupos preocupados pola música popular aínda que o momento de maior éxito aínda estaba por chegar.

Lémbrome dun festival no Grove que se levou a cabo durante tres anos polo que coñecín a un grupo da Coruña chamado *Verbas xeitosas*, onde tamén vin por primeira vez a *Xocaloma* ou a *Xuntanza*. Paralelamente estaba *Jei* Nogueiro en Lugo e Luis Olivares, catalán, que cantaba en galego. O panorama estaba ben cheo de xente. Axiña as discográficas comezaron a interesarse pola música popular.

Como se deu aquel interese das discográficas de fora?

Hai empresarios que tiveron moi boa vista como no caso de *Edigasa*, de Catalunya, que se deron conta que facer discos en catalán podía ser rendábel. Despois, ao ver que o fenómeno se daba na Galiza e que aquí non había quen fixese discos, decidiron gravalos eles, como os de *Voces Ceibes*. Fóronse vendendo de man en man porque aquilo nas tendas asustaba un pouco aínda que pasasen os pertinentes permisos legais. Había, ademais, outras empresas como *Fonomusic*, que trouxeron ao Estado, primeiro, música latinoamericana e gravaron a cantantes como Labordeta ou Llach. Agora publican a xeito de enciclopedia todos os discos que fixeron e pode verse que esta empresa recolleu moita da música de autor que se facía. Ao mesmo tempo graváronlle un disco en directo a Llach en Barcelona, a Labordeta en Aragón e a min na Galiza, desprazando unha equipa até aquí. Foi o meu primeiro disco, no ano 1977. Outras casas déronse conta que había mercado na Galiza e criáronse selos como *Abrente* ou *Limoeiro*.

Do ano 1975 ao 1980 a música galega momento. As actuacións estaban cheas había contratacións e os discos fácil porque había menos oferta. Hoxe, regalar un disco, chegas a unha tenda e escoller.



estaba no seu mellor de público, sempre vendíanse. Era máis se tes mil pesos e queres tes cuarenta mil para

Cantar por cantar

Cal era o obxectivo que se perseguía galega?

daquela na música

No meu caso, simplemente cantar en galego. Púñalle música aos poemas que me gostaban e, cando me dei conta, xa tiña un repertorio feito. Quería textos xeitosos, con base. Teño moitas letras feitas pero sempre reitero que na Galiza temos os mellores letristas. No ano no que se lle adicaron as Letras Galegas a Celso Emilio Ferreiro, estiveron dando charlas sobre a súa poesía e a música galega. Era sorprendente descubrir como tiña case douscentos poemas musicalizados. Non creo que haxa un poeta no mundo con esa característica. Curros Enríquez ou Bernardiño Graña son outros exemplos de letristas. Póndolles música fáiselles unha lectura nova e nacen as cancións. A min non me atrae facer maravillas con cuarenta músicos; o que quero é traballar do xeito máis simple sempre pensando no directo. Probabelmente isto resposta a que eu nunca me formulei vivir da música porque sei que é moi difícil. Non quero ser un profesional do canto, só facelo o mellor que podo.

Daquela non había máis ambición que cantar, ningún pensaba vivir da música nen vender discos no estranxeiro. Era como un deber. O dos discos era un soño. Dicáinnos que eramos maos e que lle íamos facer? Non partiamos da experiencia senón da vontade. Hoxe vas ao festival de bandas de música e comporbas que hai centos de rapaces moi preparados, que estudan durante anos.

O popular era tamén clandestino.

Naqueles anos, a música galega era completamente clandestina. Había que presentar as letras para as actuacións e case sempre che denegaban todo porque o que buscaban

claramente era que non se celebrasen concertos. Era unha roda na que participaban desde un médico que falaba de hixiene sexual nos anos sesenta, un profesor que daba unha conferencia sobre libros, un rapaz que recitaba poemas, etc. Pouco a pouco facendo país. chegaba un panfleto, liámolo e pasabámolo a outra persoa. na transición, cambiou a situación porque a xente tiña fame de todo, nomeadamente da música popular. Até os anos 80, as festas contaban con todos estes músicos que, coma min, crían que cantar en galego é importantísimo.

O mellor momento musical coincide coa transición; a análise ten que ir parella. A xente sai á rua a reivindicar e descobre todo o que era clandestino, como a música. En 1978, fixen 80 actuacións en 90 días. O 17 de Maio, ás once de mañá cantei para rapaces no pavillón de deportes de Lugo; á unha nun coléxio de Melide; ás tres en Taragoña; entre cinco e seis, en Castrelos, en Vigo, e ás nove da noite en Ourense. Como a min, pasáballe a outros porque había fame desa música. Lembro unha actuación en Pontevedra, na Alameda, na que se reuniron unhas dez mil persoas. Os nosos discos aínda estaban empezando a saír nese momento. Eran tempos de mitins políticos e de manifestacións.

A música galega tamén tivo unha forte identificación política.

En parte explícase polas propias simpatías políticas dos músicos aínda que non todos militasen en organizacións. O que si é certo é que todos os que faciamos música en galego eramos xente concienciada. Un mitin podía resultar aborrido pero chamaba máis cunha festa na que houberse actuacións. Lembro un mitin de Unidade Galega con *Fuxan os Ventos* e mais eu que foi inesquecible pola cantidade de xente que se reunía. Ninguén nos facía cambiar de repertorio porque tiñamos unha liña clara e coherente no noso traballo.

Que claves explican o esgotamento dese bon momento musical?

Houbo xente que quedou no camiño porque así o decidiron. *Voces Ceibes* desfixéronse en 1974. *Fuxan os Ventos* continuaron e racharon, máis tarde, en dous orixinando *A Quenlla*, que vai polo quinto disco. Emilio Cao non estaba parado pero salta á actualidade co seu último traballo. O que quero dicir é que hai moita xente que non sai á luz pero continua traballando, non desapareceu. si é certo que houbo cansazo. Eu continuo a cantar porque non teño que comer disto. Daquela claro que convocabamos a moreas de xente pero é que eramos *Fuxan*, *A Roda*, *Xocaloma*, *Cao* e pouco máis. Até estábamos de moda entre as comisións de festas patronais.

Infraestrutura discográfica

Desde o ponte de vista das casas de discos cre nas posibilidades da música galega?

O problema é o de calquer sector: hai que vender. Mentres a xente merque discos, as empresas van arriscar. Se as previsións son moi boas, pode haber unha produción grandiosa. Na Galiza movémonos en cantidades pequenas e as empresas actúan en consecuencia. Non hai venda masiva, agás en casos como o de Carlos Núñez, pero hai que ter en conta que aí entra un mercado máis amplo que trascende Galiza. Hai grupos que colaboran na produción aportando cartos ou que se encarregan eles mesmos de vender o produto. Non se pode gastar moitos cartos en promoción senón se gastan na produción. Hai que ir ao punto de venda e convencer. Pero para iso tamén é preciso que os medios de comunicación locais se impliquen e pinchen ese disco. Na Galiza, a promoción ten que funcionar dese xeito. É un proceso difícil porque hai mil discos con

grandes campañas detrás. A venda de discos de música galega é importante no verán e no Nadal porque veñen os emigrantes que osn un colectivo moi interesado en todo o que sai. Mercan de dez en dez para levar.

Hai infraestruturas para gravar música popular galega?

Si, hai desde estudos até distribuidoras. Quizais, se se rematase coa dispersión poderían funcionar mellor. Sei que agora é unha utopía pero se houberse unha canle distribuidora forte, podería difundirse toda a música aforrando cartos e esforzos acadando máis efectividade. Penso que sería unha solución a estudar que evitaria que os vendedores tivesen que percorrer toda Galiza cunha pequena carteira de discos.



[illegible]

Página 13 - Xullo 2005